

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

*RESOLUCIÓN do 25 de marzo de 2021 pola que se anuncia a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta entidade.*

De conformidade co establecido no artigo 92 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (DOG núm. 82, do 4 de maio), e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 17.2.c) da citada lei, esta entidade

**DISPÓN:**

Primeiro. Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo vacante que se indica no anexo I desta resolución.

Segundo. Poderá concorrer a ela o persoal laboral (grupo I, categoría 04) e funcionario de carreira da Xunta de Galicia e o persoal laboral fixo do Instituto Galego de Promoción Económica que reúna os requisitos sinalados no anexo I.

Terceiro. As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no Rexistro do Instituto Galego de Promoción Económica (Complexo Administrativo San Lázaro, s/n), nas súas oficinas territoriais ou nas oficinas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236, do 2 de outubro), no prazo de quince (15) días contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe no anexo II. Debido á situación excepcional provocada pola COVID-19, poderase presentar a documentación para participar neste proceso a través da sede electrónica da Xunta de Galicia no seguinte enderezo web: <https://sede.xunta.gal/a-mina-sede/> utilizando o procedemento PR004A. No caso de non utilizar a sede electrónica, deberase comunicar ao correo electrónico [rrhh@igape.es](mailto:rrhh@igape.es) o feito de ter presentado a solicitude por outros procedementos.

Cuarto. As persoas aspirantes deberán unir á petición un *curriculum vitae* en que xustificquen documentalmente os méritos que aleguen.



Quinto. A resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e poderase declarar deserto o posto de traballo, de considerarse oportuno.

Sexto. O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles se non implica cambio de residencia, de sete días hábiles se comporta cambio de residencia ou de vinte días hábiles se comporta o reingreso ao servizo activo, conforme o establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, modificado polo Decreto 166/2013, do 14 de novembro.

O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento, que se deberá producir dentro dos tres días seguintes ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Sétimo. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, perante o director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro), ou poderán impugna-la directamente, perante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2021

Fernando Guldrís Iglesias  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

#### ANEXO I

Código: IN.IGAPE.00.001.4050118.

Consellería: Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

Denominación do posto: subdirector/a de Recursos Humanos e Xestión Administrativa.

Dependencia: Instituto Galego de Promoción Económica. Xerencia.

Localidade: Santiago de Compostela.

Forma de provisión: libre designación.



Grupo/subgrupo: A1/I-04.

Retribución anual: 54.151,79 €.

Tipo de adscrición: persoal funcionario e persoal laboral da Xunta de Galicia/persoal laboral fixo do Igape.

CVE-DOG: pzw08qs3-hqg0-7o23-isc6-mqtfbwt4za44



## ANEXO II

**MODELO DE SOLICITUDE**

## Datos do/da solicitante

Primeiro apelido		Segundo apelido		Nome	
DNI	Data nacemento	Corpo ou escala a que pertence	Grupo	NRP	
Domicilio, rúa e nº		Provincia	Localidade	Teléfono	

## DESTINO ACTUAL

Consellería	Dependencia	Localidade
-------------	-------------	------------

SOLICITO: ser admitido/a na convocatoria para prover o posto de traballo polo sistema de libre designación, anunciada pola Resolución da Dirección Xeral do Igape, do 25 de marzo de 2021, ao considerar que reúno os requisitos exixidos para tomar parte, para o posto de traballo que se indica

Designación do posto de traballo	Centro directivo ou unidade de que depende	Localidade

## Tempo de servizos prestados

No corpo actual	Anos	Meses	Días
-----------------	------	-------	------

Noutros corpos	Anos	Meses	Días
No actual posto de traballo			

Noutros destinos anteriores	Anos	Meses	Días

## Títulos académicos

Cofecemento da lingua galega	Fala	Escribe	Entende

Outros méritos que se deban facer constar de acordo coas bases da convocatoria:

--

Outros méritos que o/a candidato/a desexe facer constar:

--

(Lugar, data e sinatura)

Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

